6	Alleamento de investimentos reais	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	54.674,63	48.258,80
B)	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00	0,00
8	Activos financeiros	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00
	TOTAL INGRESOS	1.174.337,55	1.163.124,90

DOS GASTOS

CAPÍTULO 1. Respecto do **gasto de persoal**, existe unha correlación entre os créditos do capítulo I de gastos de persoal incluídos no orzamento e o anexo de persoal desta entidade local para este exercicio económico, sendo o seu importe global 678.024,51 euros e supoñendo un aumento de 47.652,67 euros ao consignado no orzamento do exercicio anterior.

As modificacións respecto aos créditos consignados no exercicio anterior se deben ás diferencias positivas/negativas derivadas de:

- baixas/altas de contratacións laborais temporais.
- consignación de un incremento do 1% respecto ao consignado no exercicio 2017, prevendo que a futura Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 así o permita, como sucedeu nas anteriores para os anos 2016 e 2017.
- trienios recoñecidos ao persoal.
- consignación dos custes de persoal para atención e información continuada i específica de todo o Camiño Francés e do fito xacobeo aos/ás peregrinos/as financiados pola liña 2 do Convenio de Colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e os Concellos galegos do Camiño Francés para actuacións de mellora e mantemento, de atención e información ao peregrino, e de promoción do Camiño Francés asinado en data 17/04/2017, con unha vixencia de tres anos, e non consignados no exercicio 2016.
- consignación do complemento retributivo por asignación de funcións de Tesouraría pola Secretaría-Intervención municipal.

O resto de custes de persoal non experimentaron variacións con relación aos do exercicio precedente.

CAPÍTULO 2. A diminución de consignación de **gastos en bens e servizos correntes** sobre o do Orzamento do exercizo anterior, se xustifica ao longo do exercicio 2017, que evidencia un exceso de previsión sobre o realmente executado, en parte polos investimentos realizados en orde a eficiencia enerxética, que supoñen un aforro nos subministros. Por esto, o total dos créditos orzamentarios consignados por operacións correntes e os gastos derivados do funcionamento dos servizos existentes no Concello de Samos parecen considerarse suficientes para atender as obrigas esixibles á Corporación.

CAPÍTULO 3. Os **gastos financeiros** recollidos neste capítulo refírense ás consignacións de pagamentos de xuros de contas bancarias da entidade. Increméntanse respecto aos do exercicio anterior xa que a execución orzamentaria á data de elaboración deste Proxecto de Orzamento manifesta un defecto de previsión en relación ao aumento de comisións bancarias.

CAPÍTULO 4. As **transferencias correntes** recollen os créditos por achegas do Concello sen contraprestación dos axentes receptores e con destino a operacións correntes, as cales sofren un aumento en termos xerais con respecto ao exercicio anterior derivado maiormente aos créditos consignados para a cuota da Asociación de Municipios do Camiño de Santiago, financiada pola liña 3 do Convenio de Colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e os Concellos galegos do Camiño Francés para actuacións de mellora e mantemento, de

atención e información ao peregrino, e de promoción do Camiño Francés asinado en data 17/04/2017, con unha vixencia de tres anos, e non consignados no exercicio 2016.

CAPÍTULO 6. *O aumento en investimentos reais ten fundamentalmente orixe na consignación dos investimentos subvencionados ao abeiro do Plan de Mellora de Camiños Municipais 2017-2018 e dos financiados ao abeiro da liña 1 do Convenio de Colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e os Concellos galegos do Camiño Francés para actuacións de mellora e mantemento, de atención e información ao peregrino, e de promoción do Camiño Francés asinado en data 17/04/2017. Tamén se recollen investimentos de pequenas contías en outras áreas de gasto para facer fronte á futuribles necesidades novas ou reposicións en base á experiencia de exercicios anteriores.*

CAPÍTULO 7. *Non se recollen transferencias de capital.*

CAPÍTULO 8. *Non se recollen no Orzamento municipal do exercicio 2018 activos financeiros.*

CAPÍTULO 9. *Non se recollen no Orzamento municipal do exercicio 2018 pasivos financeiros.*

DOS INGRESOS

CAPÍTULO 1. *Os **impuestos directos** comprenden o imposto de bens inmuebles, tanto de natureza rústica como urbana, o imposto de actividades económicas e o imposto de vehículos de tracción mecánica. Consignouse unha baixada da previsión con respecto ao exercicio anterior, xa que no Proxecto dos Orzamentos 2017 traballouse no 2016 con datos estimados, e agora se tomou como base os padróns de IBI do exercicio 2017 confeccionados polo Servicio de Xestión Tributaria e Recadación da Deputación Provincial.*

CAPÍTULO 2. *Os ingresos que proveñen dos **impuestos indirectos** proveñen do imposto sobre construcións, instalacións e obras e para a súa estimación tívose en conta tanto os liquidados nos tres últimos exercicios así como a evolución tendencial.*

CAPÍTULO 3. *Os ingresos previstos por operacións correntes procedentes de **taxas, prezos públicos e outros ingresos** sufriron un pequeno aumento en cómputo global de 1.247,40 euros desagregado en aumentos/disminucións parciais dos distintos conceptos, os cales se estimaron para o caso das taxas, en función dos liquidados nos exercicios anteriores, e para o caso dos recadados por padróns, nos liquidados no exercicio 2017 á data de elaboración deste Proxecto.*

CAPÍTULO 4. *A variación no total de ingresos previstos no capítulo IV por **transferencias correntes** sofre un aumento en termos totais, que parcialmente ten a súa orixe na consignación dos compromisos de achegas derivados do Convenio de Colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e os Concellos galegos do Camiño Francés para actuacións de mellora e mantemento, de atención e información ao peregrino, e de promoción do Camiño Francés, así como no aumento nas estimacións do financiamento provincial para o servizo de axuda no fogar en base ás concedidas no exercicio 2017.*

CAPÍTULO 5. *Os **ingresos patrimoniais** previstos se consignaron en función dos liquidados ata a data no exercicio 2017.*

CAPÍTULO 6. *Non se prevén neste exercizo **alleamentos** de inversións reais, igual que sucedera no exercicio anterior.*

CAPÍTULO 7. O capítulo VII de **Transferencias de capital** do Orzamento de ingresos calculouse con base na anualidade 2018 do Plan de Mellora de Camiños Municipais 2017-2018, nos termos concedidos no exercicio 2017, así como os investimentos previstos para a liña 1 do Convenio de Colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e os Concellos galegos do Camiño Francés para actuacións de mellora e mantemento, de atención e información ao peregrino, e de promoción do Camiño Francés. Supón un aumento con respecto ao consignado para o exercicio anterior, que correspondía íntegramente á financiación provincial para os investimentos incluídos no POS 2016.

CAPÍTULO 8. Non se prevén **activos financeiros**.

CAPÍTULO 9. Non se prevén **pasivos financeiros**.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE.”

Non habendo intervencións, se procede á votación, e por seis votos a favor dos sres. concelleiros integrantes do Grupo municipal socialista, ningún voto en contra, e dúas abstencións do sr. concelleiro do Grupo mixto e do sr. concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, o Pleno Corporativo adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento xeral para o exercicio 2018, integrado únicamente polo Orzamento do concello de Samos, coa documentación anexa referida legalmente e que se une ao expediente, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS			ESTADO DE INGRESOS		
Capítulo	Denominación	Importe (euros)	Capítulo	Denominación	Importe (euros)
1	Gastos del persoal	678.024,51	1	Impostos directos	223.752,03
2	Gastos correntes en bens e servizos	384.871,56	2	Impostos indirectos	12.826,57
3	Gastos financeiros	950,00	3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	241.640,96
4	Transferencias correntes	22.186,21	4	Transferencias correntes	641.427,93
			5	Ingresos patrimoniais	15,43
6	Investimentos reais	88.305,27	6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	7	Transferencias de capital	54.674,63
8	Activos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL GASTOS		1.174.337,55	TOTAL INGRESOS		1.174.337,55

SEGUNDO. Aprobar inicialmente as Bases de Execución do Orzamento.

TERCEIRO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal do concello, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

CUARTO. Aprobar inicialmente a masa salarial do persoal laboral deste concello para o ano 2018, que ascende a 219.165,03€.

QUINTO. Establecer como límite de teito de gasto non financeiro en termos SEC en 1.339.293,82 €.

SEXTO. Expoñer ao público por un prazo de quince días hábiles, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo iso aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado período non se presentasen reclamacións; caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

SÉTIMO. Remitir copia do expediente orzamentario aprobado ao Ministerio de Economía e Facenda así como ao órgano competente da Xunta de Galicia.

6º.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE SAMOS AO PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ASINADO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN E FIXACIÓN DE EMPRESAS NO TERRITORIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, MEDIANTE A POSTA EN MARCHA DA INICIATIVA "CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA".

Visto que a Comisión Especial de Contas, a cal segundo Acordo Plenario de data 7 de xullo de 2015 actúa como Comisión Informativa Permanente para os asuntos de economía e facenda, na súa sesión ordinaria de data 28 de novembro de 2017 ditaminou favorablemente a Proposta de Alcaldía obrante no expediente por unanimidade dos seus catro membros asistentes, sendo seis o número legal de membros.

Visto o Protocolo Xeral de actuación asinado en data 10 de outubro de 2017 entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”, o cal se puxo a disposición dos sres. concelleiros ao igual que a restante documentación do expediente, e ao que o Sr. alcalde deu lectura de xeito resumido incidindo nos compromisos a asumir polos concellos e pola Xunta de Galicia.

Vista a Proposta de Alcaldía de data 21 de novembro de 2017, a cal a continuación se transcribe:

“

Proposta de Alcaldía

Expediente nº: 519/2017

Asunto: Adhesión do Concello de Samos ao PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ASINADO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN E FIXACIÓN DE EMPRESAS EN GALICIA MEDIANTE A CREACIÓN DA INICIATIVA “CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA”.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que a FEGAMP ven de asinar coa Xunta de Galicia un Protocolo para o fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa **"Concellos Doing Business Galicia"**.

Visto o interese deste concello en adherirse ao citado Protocolo.

ESTA ALCALDÍA PROPÓN AO PLENO DO CONCELLO DE SAMOS, órgano competente por supoñer á adhesión ao citado Protocolo a modificación de distintas Ordenanzas Fiscais, **PREVIO INFORME DA**



COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS a cal segundo Acordo Plenario de data 07/07/2015 actúa como Comisión Informativa Permanente para os asuntos de Economía e Facenda, **ADOpte OS SEGUINTEs ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión do Concello de Samos ao Protocolo Xeral de Actuación asinado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "**Concellos Doing Business Galicia**".

SEGUNDO.- Notificar este acordo aos Organismos correspondentes.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE"

Vistas as intervencións ao remate da lectura polo Sr. alcalde da súa Proposta, en primeiro lugar, do voceiro do Grupo municipal do Partido Popular para sinalar que dado que se trata dunha iniciativa encamiñada a favorecer a implantación de empresas, e polo tanto, a creación de postos de traballo, están dacordo coa Proposta, e en segundo lugar do voceiro do Grupo mixto (CxG-CCTT), para manifestar que tamén está dacordo, lástima que non se fixera así co Proxecto de Solo Empresarial, sométese o asunto a votación, e por unanimidade dos seus membros presentes (oito votos a favor, sendo nove o número legal de membros), o Pleno Corporativo aproba os acordos propostos, do seguinte xeito:

PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión do Concello de Samos ao Protocolo Xeral de Actuación asinado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "**Concellos Doing Business Galicia**".

SEGUNDO.- Notificar este acordo aos Organismos correspondentes.

7º.- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO ICIO.

Visto que a Comisión Especial de Contas, a cal segundo Acordo Plenario de data 7 de xullo de 2015 actúa como Comisión Informativa Permanente para os asuntos de economía e facenda, na súa sesión ordinaria de data 28 de novembro de 2017 ditaminou favorablemente a Proposta de Alcaldía obrante no expediente por unanimidade dos seus catro membros asistentes, sendo seis o número legal de membros.

Vista a Proposta de Alcaldía de data 21 de novembro de 2017 obrante no expediente, a cal a continuación se transcribe:

"

Proposta de Alcaldía

Expediente nº: 521/201

Procedemento: Modificación Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Sendo necesario proceder á modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras para o fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "**Concellos Doing Business Galicia**".



Visto o informe de Secretaría- Intervención sobre lexislación aplicable e procedemento a seguir.

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polos artigos 133.2 y 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20.3.n) en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

ESTA ALCALDÍA PROPÓN AO PLENO DO CONCELLO DE SAMOS, órgano competente en virtude do art. 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **PREVIO INFORME DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS** a cal segundo Acordo Plenario de data 07/07/2015 actúa como Comisión Informativa Permanente para os asuntos de Economía e Facenda, **A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Instalacións, Construcións e Obras que se achega con esta proposición.

SEGUNDO.- Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia, por trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO.- O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o ditado prazo non presentan reclamacións ao expediente, sobre a base do recollido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

“

ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓN E OBRAS

FUNDAMENTO LEGAL.

Art. 1º.

En uso das facultades concedidas polos Artigos 133.2 e 142 da Constitución Española en relación co Art. 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e dos artigos 15.1 e 59.2 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece o imposto sobre construcións, instalacións e obras, que se rexerá polo disposto na dita Lei, na presente Ordenanza e as demais disposicións de xeral e concordante aplicación.

NATUREZA Y FEITO IMPOÑIBLE.

Art. 2º.

O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non a devandita licenza, ou para a que se esixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao concello de imposición.

SUXEITOS PASIVOS

Art. 3º.

a) Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, deste imposto, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003, de 17 de decembro) propietarios



dos inmobles sobre os que se realicen as construcións, instalacións ou obras sempre que sexan donos das obras; nos demais casos, considérase contribuínte a quen teña a condición de dono da casa.

b) Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, a efectos deste imposto, os que soliciten as correspondentes licencias ou realicen as construcións ou obras, se non fosen os propios contribuíntes.

BASE IMPOÑIBLE, COTA E DEVENGO

Art. 4º.

1. A base imponible do imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custe de execución material daquela.

2. A cota deste imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

3. O tipo de gravame é do 2,5% se a base imponible do imposto, definido no apartado 4.1 precedente, non supera o millón de euros. Si o superase, o tipo de gravame é do 3,5%.

4. O imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivera a correspondente licenza.

BONIFICACIÓNS

Art. 5º.

Ao abeiro do Ar. 103.2.a) do TRLRHAL poderase conceder unha bonificación de ata o 95 por 100 a favor das construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarse , previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

- **Bonificación potestativa de ata o 95 por 100 no ICIO para supostos declarados de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego:**

A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo
- Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aquelas construcións, instalacións ou obras destinadas á implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aquelas outras que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de tres anos dende o inicio da actividade polo suxeito pasivo. Tal circunstancia deberá ser acreditada por este ante os servizos tributarios do concello dentro dos 15 días seguintes ao remate de cada trimestre. O non cumprimento deste requisito dará lugar o inicio do correspondente expediente de reintegro.

Esta bonificación terá unha duración de tres anos dende a súa solicitude.

XESTIÓN

Art. 6º.

1. Cando se conceda a licenza preceptiva practicarase unha liquidación provisional, determinándose a base imponible en función do presuposto presentado polos interesados, sempre que o mesmo fose visado polo Colexio Oficial correspondente. Noutro caso, a base imponible será determinada polos técnicos municipais de acordo co custe estimado do proxecto, ao fin do cal o prezo das unidades será o existente na "base de datos da construción de Galicia", do Instituto Tecnolóxico de Galicia, na súa última actualización.



2. Á vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custo real efectivo destas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base impositiva a que se refire o apartado anterior practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

Art. 7º.

1. As cotas liquidadas e non satisfeitas dentro do período voluntario faranse efectivas pola vía de constrinximento, conforme ás normas do Regulamento Xeral de Recadación.

2. As liquidacións notificaranse aos suxeitos pasivos con expresión dos requisitos previstos nos Artigos 102 e ss da Lei Xeral Tributaria.

PARTIDAS FALLIDAS.

Art. 8º.

Consideraranse partidas fallidas ou créditos incobrables aquelas cotas que non puideran facerse efectivas polo procedemento de constrinximento, para a declaración do cal se formalizará o oportuno expediente, de acordo co previsto no vixente Regulamento Xeral de Recadación.

INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Art. 9º.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria, aprobada pola Lei 58/2003, de 17 de decembro.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Derógase a ordenanza fiscal nº 3 reguladora do imposto de construcións instalacións e obras, coas súas modificacións, vixente ata a data. Esta derogación terá efectividade dende o momento en que entre en vigor a presente redacción da ordenanza fiscal nº 3.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza, unha vez que se aprobe definitivamente tanto o acordo de aprobación definitiva (incluído o provisional elevado automaticamente a definitivo) como o texto íntegro da Ordenanza fiscal, entrará en vigor e comezará a aplicarse a partir do día seguinte da publicación deste texto no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación o derogación expresa. “

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE”

Non habendo intervencións, se procede á votación, e por unanimidade dos sres. concelleiros asistentes (oito votos a favor), sendo nove o número legal de membros, o Pleno Corporativo aproba a Proposta de Alcaldía transcrita.

8º.- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IAE.

Visto que a Comisión Especial de Contas, a cal segundo Acordo Plenario de data 7 de xullo de 2015 actúa como Comisión Informativa Permanente para os asuntos de economía e facenda, na súa sesión ordinaria de data 28 de novembro de 2017 ditaminou favorablemente a Proposta de Alcaldía obrante no expediente por unanimidade dos seus catro membros asistentes, sendo seis o número legal de membros.

Vista a Proposta de Alcaldía de data 21 de novembro de 2017 obrante no expediente, e a cal a continuación se transcribe:



“

Proposta de Alcaldía

Expediente nº: 520/201

Procedemento: Modificación Ordenanza Fiscal IAE.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Sendo necesario proceder á modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Actividades Económicas para o fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "**Concellos Doing Business Galicia**", aproveitando para adaptala á vixente redación do Imposto no RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o informe de Secretaría- Intervención sobre lexislación aplicable e procedemento a seguir.

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polos artigos 133.2 y 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20.3.n) en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

ESTA ALCALDÍA PROPÓN AO PLENO DO CONCELLO DE SAMOS, órgano competente en virtude do art. 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **PREVIO INFORME DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS** a cal segundo Acordo Plenario de data 07/07/2015 actúa como Comisión Informativa Permanente para os asuntos de Economía e Facenda, **A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Actividades Económicas que se achega con esta proposición.

SEGUNDO.- Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia, por trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO.- O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o ditado prazo non presentan reclamacións ao expediente, sobre a base do recollido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

“

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

O Concello do Samos, de conformidade artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais establece o Imposto de Actividades Económicas que se rexerá neste municipio:

a) Polas normas reguladoras deste contidas no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.

b) Polas tarifas e instrución do imposto, aprobadas polo Real Decreto Lexislativo 1175/1990, do 28 de setembro e Real Decreto Lexislativo 1259/1991 do 2 de agosto.



c) *Pola presente ordenanza fiscal.*

Artigo 2º.- Exencións.

Están exentos do IAE:

- O Estado, os CC.AA., entidades locais e organismos autónomos.
- Os suxeitos pasivos durante os dous primeiros exercicios.
- Os seguintes suxeitos pasivos: as sociedades e suxeitos pasivos cuxo importe neto de cifra de negocios sexa inferior a 1.000.000 de euros. Para o devandito cálculo, se se trata de entidade que forme parte dun grupo de sociedades, terase en conta o importe neto de cifra de negocios do conxunto de entidades pertencentes ao devandito grupo.
- Entidades xestoras da S.S.
- Organismos públicos de investigación, establecementos de ensino custeados integramente con fondos do Estado, CCAA ou entidades locais ou por fundacións e establecementos de ensino con concerto educativo.
- Asociacións e fundacións de diminuídos físicos.
- Cruz Vermella
- Os previstos en tratados internacionais.

Artigo 3º.- Bonificacións

1. Establécese unha bonificación de ata o 95 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo
- Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarse, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Esta bonificación terá unha duración de tres anos dende a súa solicitude.

Artigo 4º Cota tributaria.

A cota tributaria será a resultante de aplicar as tarifas do imposto, de acordo cos preceptos contidos na Lei e nas disposicións que a complementen e desenrolen e os coeficientes e as bonificacións prevista pola lei no seu caso, acordados por este Concello e regulados na presente ordenanza fiscal.

Artigo 5º.- Coeficiente de ponderación.

Sobre as cotas municipais, provinciais e nacionais fixadas nas tarifas do imposto aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocio do suxeito pasivo.

- 1,29 (de 1 a 5 millóns de euros)
- 1,30 (ata 10 millóns de euros)
- 1,32 (ata 50 millóns de euros)
- 1,33 (ata 100 millóns de euros)



- 1,35 (máis de 100 millóns)
- 1,31 (sen cifra de negocios)

Para os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, será o correspondente ao conxunto de actividades económicas exercidas polo mesmo e determinarase de acordo co previsto no parágrafo c) do apartado 1 do artigo 82 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo e aplicarase mentres non se acorde a súa modificación ou derogación. “

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE”

Non habendo intervencións, se procede á votación, e por unanimidade dos sres. concelleiros asistentes (oito votos a favor), sendo nove o número legal de membros, o Pleno Corporativo aproba a Proposta de Alcaldía transcrita.

9º.- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IBI.

Visto que a Comisión Especial de Contas, a cal segundo Acordo Plenario de data 7 de xullo de 2015 actúa como Comisión Informativa Permanente para os asuntos de economía e facenda, na súa sesión ordinaria de data 28 de novembro de 2017 ditaminou favorablemente a Proposta de Alcaldía obrante no expediente por unanimidade dos seus catro membros asistentes, sendo seis o número legal de membros.

Vista a Proposta de Alcaldía de data 23 de novembro de 2017 obrante no expediente, e a cal a continuación se transcribe:

“

Proposta de Alcaldía

Expediente nº: 523/201

Procedemento: Modificación Ordenanza Fiscal IBI.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Sendo necesario proceder á modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóveis para para o fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "**Concellos Doing Business Galicia**".

Asemesmo se pretende rebaixar o tipo de gravame aplicable aos bens de natureza rústica do 0,65% ata o 0,30%, paliando así nestes inmóveis os efectos da regularización catastral levada a cabo no ano 2016 polo Ministerio de Facenda a través do Catastro habida conta da difícil situación que afecta ás actividades económicas desenvoltas no rural.

Visto o informe de Secretaría- Intervención sobre lexislación aplicable e procedemento a seguir.

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polos artigos 133.2 y 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto

no artigo 20.3.n) en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

ESTA ALCALDÍA PROPÓN AO PLENO DO CONCELLO DE SAMOS, órgano competente en virtude do art. 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **PREVIO INFORME DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS** a cal segundo Acordo Plenario de data 07/07/2015 actúa como Comisión Informativa Permanente para os asuntos de Economía e Facenda, **A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbles que se achega con esta proposición.

SEGUNDO.- Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia, por trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o ditado prazo non presentan reclamacións ao expediente, sobre a base do recollido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.

ARTIGO 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO

1. O Imposto sobre Bens Inmóbles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos Bens Inmóbles sitos no termo municipal de Samos, establecido con carácter obrigatorio no RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais).

2. De conformidade cos artigos 59.1, 15.2 e 16 do citado RDL 2/2004 de 5 de marzo, o Concello de Samos acorda a Ordenación deste tributo segundo as normas que contén a presente Ordenanza, en concordancia co disposto nos artigos 61 a 77 do RDL 2/2004, RDL 1/2004 de 5 de marzo (TR da Lei do Catastro Inmobiliario) e restante normativa de aplicación.

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible deste imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmóbles rústicos e urbanos, e sobre os inmóbles de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmóbles ou sobre os servizos públicos ós que estean afectados.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufruto.
- d) Do dereito de propiedade.

2. A realización do feito imponible que corresponda, de entre os definidos no apartado anterior pola orde nel establecida, determinará a non suxeición do inmovible ás restantes modalidades no mesmo previstas.

3. Ós efectos deste imposto, terán a consideración de bens inmóbles rústicos, urbanos e de características especiais os definidos como tales no RDL 1/2004 de 5 de marzo (TR da Lei do Catastro Inmobiliario).



4. No caso que un mesmo inmovible se atope localizado en distintos termos municipais entenderase, a efectos deste imposto, que pertence a cada un deles pola superficie que ocupe no respectivo termo municipal.

5. Non están suxeitos a este imposto:

a) As carreteras, os camiños, as demais vías terrestres e os bens de dominio público marítimo-terrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuito.

b) Os seguintes bens inmoables propiedade dos municipios en que estén enclavados:

- Os de dominio público afectos a uso público.

- Os de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo concello, excepto cando se trate de inmoables cedidos a terceiros mediante contraprestación.

- Os bens patrimoniais, exceptuados igualmente os cedidos a terceiros mediante contraprestación.

ARTIGO 3.- TIPO DE GRAVAME E COTA

De conformidade co previsto no artigo 72 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmoables aplicable ao municipio de Samos queda fixado nos seguintes termos:

1. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmoables aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no 0,40%

2. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmoables aplicable aos bens de natureza rústica queda fixado no 0,30%

3. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmoables aplicable aos bens de características especiais queda fixado no 1,3%

ARTIGO 4- EXENCIONS

1.- Estarán exentos de conformidade co artigo 62.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os seguintes bens inmoables:

a) Os que sexan propiedade do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais que estean directamente afectos á seguridade cidadá e aos servizos educativos e penais, así como os dos Estado afectos á Defensa Nacional.

b) Os bens comunais e os montes veciñais en man común.

c) Os da Igrexa católica, nos termos previstos no Acordo entre o Estado Español e a Santa Sé sobre Asuntos Económicos, de 3 de xaneiro de 1979, e os das Asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos Acordos de Cooperación subscritos en virtude do disposto no artigo 16 da Constitución.

d) Os da Cruz Vermella Española.

e) Os inmoables aos que sexa de aplicación a exención en virtude de Convenios Internacionais en vigor e, a condición de reciprocidade, os dos Gobernos estranxeiros destinados á súa representación diplomática, consular, ou aos seus Organismos oficiais.

f) A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento regulamentariamente determinadas, cuxo principal aproveitamento sexa a madeira ou a cortiza, sempre que a densidade do arborado sexa a propia ou normal da especie de que se trate.

g) Os terreos ocupados polas liñas de ferrocarril e os edificios situados nos mesmos terreos, que estean dedicados a estacións, almacéns ou a calquera outro servizo indispensable para a explotación das devanditas liñas. Non están exentos, por conseguinte, os establecementos de hostalaría, espectáculos, comerciais e de espaxamento, as casas destinadas a vivendas dos empregados, as oficinas da dirección nin as instalacións fabrís.



2.- En base a criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, estableceuse a exencións seguintes:

- 1. Os inmobles urbáns con cota líquida inferior a tres euros.*
- 2. Os inmobles rústicos sitos neste municipio e correspondentes a un mesmo suxeito pasivo cando as cotas agrupadas deste imposto sexan inferiores a tres euros.*

ARTIGO 5. BONIFICACIÓNS

1.- Gozarán dunha bonificación do 50 da cota íntegra do Imposto, sempre que así se solicite, a favor dos inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta.

A bonificación deberá ser solicitada polos interesados antes do inicio das obras, acompañando a seguinte documentación:

1. Declaración sobre a data prevista de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate.

2. Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.

3. Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación é da súa propiedade, mediante copia compulsada da Escritura de propiedade, certificación do Rexistro da Propiedade ou alta catastral.

4. Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, mediante certificación do Administrador da Sociedade ou fotocopia compulsada do último balance presentado ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a efectos do Imposto de Sociedades.

5. Fotocopia compulsada da alta ou último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou xustificación da exención de devandito Imposto.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras até o posterior á terminación das mesmas, sempre que durante ese período sexan realizadas efectivamente obras de urbanización ou construción. En ningún caso poderá exceder de tres períodos impositivos.

2.- As vivendas de protección oficial e as que resulten equivalentes a estas conforme á Normativa da Comunidade Autónoma, gozarán dunha bonificación do 50% da cota íntegra do Imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ao do outorgamento da cualificación definitiva.

Dita bonificación concederase a petición do interesado, a cal poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma e terá efectos no seu caso, desde o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite.

A documentación que hai que achegar na solicitude da bonificación polos interesados será a seguinte:

- Cédula de cualificación provisional e definitiva de vivenda de protección oficial expedida polo Instituto de Vivenda e Solo*
- Fotocopia da escritura de compravenda da vivenda obxecto da solicitude*



3.- *Establecese unha bonificación do 95% da cota íntegra, e no seu caso, do recargo do Imposto, ao que se refire o artigo 153 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a favor dos bens rústicos das Cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.*

4.- *Establecese unha bonificación do 50% da cota a favor das vivendas de protección oficial unha vez transcorridos os tres anos desde o outorgamento da cualificación definitiva. A duración da presente bonificación será de 3 anos.*

Para obter esta bonificación será necesario presentar:

- 1. Escrito de solicitude.*
- 2. Certificado de que o devandito inmovible é o domicilio habitual do solicitante.*

5. *Establécese unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmovibles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicárase do seguinte xeito:*

- Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo*
- Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo*
- Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.*

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles inmovibles nos que teña lugar a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros nos que se amplíen as instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarse, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Esta bonificación terá unha duración de tres anos dende a súa solicitude.

6. *As bonificacións establecidas neste ARTIGO non serán compatíbles entre si nin acumulables.*

ARTIGO 6 - PERÍODO IMPOSITIVO E DEVEÑO

- 1. O período impositivo é o ano natural*
- 2. O imposto devéñase o primeiro día do ano*
- 3. As declaracións ou modificacións que deban facerse ao Rexistro terán efectividade no deveño do Imposto inmediatamente posterior ao momento en que se produzan efectos catastrais.*

ARTIGO 7. INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

En todo o relativo a Infraccións tributarias e ás súas cualificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ó disposto na Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas."

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE"



Non habendo intervencións, se procede á votación, e por unanimidade dos sres. concelleiros asistentes (oito votos a favor), sendo nove o número legal de membros, o Pleno Corporativo aproba a Proposta de Alcaldía transcrita.

10º.- INFORME A EMITIR EN RELACIÓN COA AMPLIACIÓN DO HORARIO DE PECHER DE ESTABLECEMENTOS DE HOSTELERÍA ASOCIADOS A APEHL DENDE O 22/12/2017 AO 07/01/2017.

Vista a solicitude formulada por D. José Francisco Real Castro como Presidente da Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería e Turismo de Lugo (APEHL) con NIF G-27021005, e presentado a través do Rexistro Xeral de entrada de documentos da Subdelegación do Goberno de Lugo en data 20/11/2017 con nº 000006300e1703047987, rexistro de entrada no Concello de Samos en data 22 de novembro con nº de rexistro 2017/1645, a cal a continuación se transcribe:

“ Que ese Ayuntamiento emita **informe favorable** a la solicitud presentada por esta Asociación en la Xefatura Territorial de la Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de Lugo, para la ampliación de horario de cierre de los establecimientos de hostelería, asociados a APEHL, en **una hora más** de lo legalmente establecido **desde el día 22 de diciembre de 2017 al 7 del mes de Enero de 2018**. Así como la autorización **para que la noche de fin de año los establecimientos puedan permanecer abiertos toda la noche.**

Rogamos envíen el informe **antes del día 12 de diciembre** para ser remitido a la Xefatura Territorial y que ésta emita la autorización pertinente. “

Sen que se produzan intervencións, o Pleno do Concello, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes (oito votos a favor sendo nove o número legal de membros) **ACORDA** Informar favorablemente a solicitude presentada pola Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería e Turismo de Lugo (APEHL) con NIF G-27021005 na Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de Lugo, para a ampliación do horario de peche dos establecementos de hostelería deste Concello, asociados á APEHL, en unha (1) hora máis do legalmente establecido dende o día 22 de decembro de 2017 ao 7 de xaneiro de 2018, así como a autorización para que a noite de fin de ano os establecementos poidan permanecer abertos toda a noite.

11º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) PARA QUE O CONCELLO DE SAMOS SE PRONUNCIE A TRAVÉS DO PLENO CORPORATIVO EN CONTRA DAS INSPECCIÓN LEVADAS A CABO POLA AXENCIA TRIBUTARIA ÁS PERSOAS QUE AXUDAN AOS VECIÑOS NAS LABORES DE RECOLLIDA DE PATACAS, MILLO OU VENDIMIAS.

O Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2017/1359 en data 2 de outubro para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal foi retirada pola Presidencia en funcións da orde do día da sesión anterior do Pleno Corporativo celebrada en data 6 de outubro por ausencia no mesmo do citado concelleiro, e a cal a continuación se transcribe:

“José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Axencia Tributaria está levando a cabo , de un tempo a esta parte , inspeccións ás persoas que , nun acto de boa vontade se adican a axudar ós seus vecinos , como por tradición sempre se fixo , nas labours de recollida de patacas , millo o unas vendimias , e acompañados pola Garda Civil, os inspectores proponen en moitos dos casos para sanción ós que participan na roga como sempre se fixo , por non ter contrato de traballo.

Moitas son as voces, como a da Conselleira Angeles Vázquez , que xa se pronunciaron en contra de estas inspeccións que aparte do afán recaudativo do Ministerio de Facenda buscan remartar coas tradicións e a realidade Galega.

Por esto , en un acto simbólico de pronunciamento propoño ó Pleno o seguinte:

ACORDO

Que o Concello de Samos se pronuncie por medio deste Pleno en contra de esas inspeccións , defendendo así as costumes propias do noso rural. “

Rematada a lectura da Moción se producen as intervencións seguintes:

- SR. ALCALDE.- Neste concello non temos constancia de que se multara a alguén por estar axudando a recoller patacas, e se vostede se refire aos produtores da Limia Baixa, evidentemente quen contrata persoal debe aseguralo, supoño que nisto estará vostede dacordo.
- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- É un acto de pronunciamento simbólico de apoio. Non me estou refirindo ós da Limia Baixa que recollen ás patacas, que lóxicamente teñen que estar asegurados.
- SR. LÓPEZ, GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.- En principio a xente identifícase e se abre un expediente. Se se trata de familiares, está protexido polo Estatuto dos Traballadores e non se sanciona. Se a inspeccion de traballo busca lonxe dos familiares, non me parece dacordo estar en contra, trátase da aplicación da Lei.

Non habendo máis intervencións, se inicia a votación que arroxa o seguinte resultado:

Votos a favor: 1 (Grupo mixto)
Votos en contra: 1 (Grupo municipal do Partido Popular)
Abstencións: 6 (Grupo municipal socialista)

Polo que se produce un empate (*).

12º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) PARA QUE SE FAGAN AS XESTIÓNS PARA ADHERIR AO CONCELLO DE SAMOS AO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS.

O Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2017/1360 en data 2 de outubro para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal foi retirada pola Presidencia en funcións da orde do día da sesión anterior do Pleno Corporativo celebrada en data 6 de outubro por ausencia no mesmo do citado concelleiro, e a cal a continuación se transcribe:



“José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No noso Concello como ocorre en moitos outros do interior galego , a taxa de mortndade supera con creces a da natalidade , sendo tarefa imprescindible dos responsables municipais realizar acción de diversa índole para tratar de frear o máximo posible esa tendencia.

Unha das acción posibles podería ser adherir o Concello de Samos ó programa Vivendas Baleiras para intentar traer familiar con nenos que , aparte de aumentar a poboación , garantiríase tamén a supervivenza do Colexo ante un suposto peche por falta de matrícula.

Este programa permite grazas ó convenio entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e a Federación Galega de Municipios e Provincias , permite destinar vivendas baleiras de propiedade pública ou privada ó alugueiro social por parte de familias desfavorecidas , proporcionándolle ó arrendatario diversas coberturas tales como un seguro multirrisco para o fogar , seguro de garantía de cobro ou defensa xurídica en caso de litixio co arrendador.

Polo que propoño a Pleno o seguinte:

ACORDO

Que se fagan as xestións para adherir o Concello de Samos ó Programa de Vivendas Baleiras. “

A continuación se producen as intervencións seguintes:

- SR. ALCALDE.- O concello non dispón de vivendas baleiras e os particulares se queren alugalas é cousa súa, e se queren pedir subvencións , que o fagan.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Hai un montón. O concello debe informar aos propietarios das vivendas para que si queren se adhiran, ou non (lee a modo de exemplo os nomes doutros concellos adheridos). É unha boa iniciativa para que veña xente e se enchan os colexios.

- SR. ALCALDE.- Aquí xa se dá información á xente que o solicita.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Adherirse ao Programa de Vivendas Baleiras é dar información.

O Sr. alcalde pregunta ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo municipal do Partido Popular se desexa sinalar algo ao respecto, ao que resposta negativamente, polo que inicia a votación que arroxou o seguinte resultado:



Votos a favor: 2 (1 do Grupo mixto e 1 do Grupo municipal do Partido Popular)
Votos en contra: 6 (Grupo municipal socialista)
Abstencións: Ningunha.

Polo que non resulta aprobada a moción antes transcrita.

13º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) PARA QUE POR PARTE DO CONCELLO SE SOLICITE Á COMPAÑÍA MOVISTAR A COLOCACIÓN DUN REPETIDOR DE TELEFONÍA MÓBIL PARA A ZONA DE TOCA.

O Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2017/1667 en data 27 de novembro para ser tratada polo Pleno Corporativo, e a cal a continuación se transcribe:

“José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A zona de Toca, debido á súa orografía, pódese denominar, zona escura en canto á cobertura da sinal de telefonía mobil. Isto, no século XXI e, cando noutros sitios xa se está instalando a cobertura 4G, non é de recibo para os vecinos de ese pobo non recibir correctamente ese sinal.

Estes vecinos xa reclamaron en varias ocasións no Concello e na compañía Movistar, sen éxito algún por ningunha das partes, e a solución presentase de todo sinxela, coa posta en servizo dun repetidor que, según os informes técnicos, non suporía complicación de ningún tipo, pero que require unha demanda da súa colocación por parte do Concello pois así a compañía atende máis axiña, ou sinxelamente, atende ás peticións dos usuarios.

Por esto, propoño a Pleno o seguinte:

ACORDO

1.- Que por parte do Concello, se solicite á Compañía Movistar a colocación dun repetidor de telefonía mobil para a zona de Toca para que os vecinos poidan recibir correctamente o sinal. “

Ao remate da lectura da moción se producen as seguintes intervencións:

- SR. ALCALDE.- En primeiro lugar, non consta ningunha reclamación dos veciños de Toca no concello, non invente. En segundo lugar, hai máis aldeas que tamén teñen mala cobertura, e xa se enviou un escrito do concello solicitando se revise a cobertura. O sistema 4G xa leva funcionando na maioría das aldeas de Samos, parece vostede que deste século XXI está moi mal informado. Estamos dacordo coa moción pero tamén ha de ser para todas as aldeas que teñen mala cobertura, como por exemplo, Lourido, entre outras moitas.



- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Eu non estou pedindo 4G, unha vez máis lee mal a moción. Estou dacordo en que hai máis aldeas que teñen mala cobertura, eu pido para Toca porque foron os que se dirixiron a mín. Non me está contestando ao que lle pregunto...Se ademais tamén hai para outros pobos, pois mellor.

- SR. ALCALDE.- Xa lle dixen que se mandara un escrito.

- SR. LÓPEZ, GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.- O máis lóxico sería que mediante bando ou doutra maneira se pedira á xente que dixera quen ten problemas e despois mandar un escrito á Xunta, non a Movistar.

Non habendo máis intervencións, se inicia a votación, e por unanimidade dos sres. concelleiros asistentes (oito votos a favor), sendo nove o número legal de membros, se aproba a Moción transcrita.

14º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) PARA QUE SE SOLICITE Á XUNTA DE GALICIA O ARRANXO DE CAMIÑOS, PISTAS E CORTALUMES OU ORZAMENTO E MAQUINARIA PARA FACELO.

O Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2017/1668 en data 27 de novembro para ser tratada polo Pleno Corporativo, e a cal a continuación se transcribe:

“José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A zona rural do noso Concello , que practicamente supón todo o territorio que abarca , encóntrase nunha situación de abandono moi importante , que fai en situación límite como se puido comprobar recentemente , faga que os traballos para paliar esas situacións extremas presenten complicacións elevadas.

A Xunta de Galicia e outras entidades deben poñer a dispor dos Concellos , maquinaria para o mantemento e coidado de pistas forestais , camiños públicos , cortalumes , etc. , e de non facer os traballos esas institucións directamente , deben proporcionar os medios para que as entidades locais os leven a cabo.

Por esto , propoño a Pleno o seguinte:

ACORDO

1.-Que se solicite á Xunta de Galicia o arranxo de Camiños , pistas e cortalumes ou orzamento e maquinaria para facelo. “



A continuación, non habendo máis intervencións que as do Sr. alcalde e do Sr. concelleiro voceiro do Grupo municipal do Partido Popular para sinalar que lles parece ben a moción, se produce a votación, e por unanimidade dos sres. concelleiros asistentes (oito votos a favor), sendo nove o número legal de membros, se aproba a Moción transcrita.

15º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) PARA QUE SE DECLARE Ó CONCELLO DE SAMOS LIBRE DE NOVAS PRANTACIÓNS DE EUCALIPTO.

O Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2017/1669 en data 27 de novembro para ser tratada polo Pleno Corporativo, e a cal a continuación se transcribe:

“José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Aproveitando a pasada vaga de lunes quixera reincidir na moción presentada polo meu grupo o pasado Pleno do mes de xuño e darlle unha oportunidade mais para que se declare a este Concello libre de novas plantacións de eucaliptos.

Todos sabemos que cando un terreo resulta arrasado polo lume téndese a plantar con árbores non precisamente autóctonas e por eso é necesaria unha vixilancia e unha norma que o impida.

Non pretendemos que se arranquen as poucas prantacións que hai xa no Concello , que si que as hai , por moito que se diga que non . O dano xa está feito , pero ímolo respetar.

Debemos aproveitar ademáis , como xa decía naquel Pleno , que , os Concellos vecinos xa teñen feito esta declaración.

Por esto , propoño a Pleno o seguinte:

ACORDO

1.-Que se declare ó Concello de Samos , libre de novas prantacións de eucalipto. “

- SR. ALCALDE.- Debo dicirlle que a culpa dos incendios non é das árbores, neste caso dos eucaliptos. Como saberá na costa de Lugo hai enormes plantacións de eucaliptos e non arden porque hai un bo aproveitamento madeirista e unha boa limpeza dos montes, que é o que se debería facer. Os veciños deben dispoñer libremente das súas terras dentro do que marca a Lei, e é competencia da Xunta de Galicia.



- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Non lle estou botando a culpa aos eucaliptos, digo (lee da súa moción): “Que se declare ó Concello de Samos , libre de novas prantacións de eucalipto. “

- SR. LÓPEZ, GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.- Eu digo o mesmo que dixeran da outra vez, o regula a Xunta de Galicia, eu non son quen para dicirlle á xente o que ten que facer, ademais os eucaliptos non supón un problema en Samos.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, e co único voto a favor do Grupo mixto (CxG-CCTT), 7 votos en contra (6 do Grupo municipal Socialista e 1 do Grupo municipal do Partido Popular), e ningunha abstención, non se aproba a moción transcrita.

16º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) PARA QUE SE ARRANXEN OS DESPERFECTOS DOS PASEOS Á BEIRA DO RÍO E DA ESTRADA, SE REPOÑAN OS ELEMENTOS QUE FALTAN E SE VOLTE A DELIMITAR ESE PASEO DONDE SE DEIXOU DESAPARECER.

O Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2017/1670 en data 27 de novembro para ser tratada polo Pleno Corporativo, e a cal a continuación se transcribe:

“José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Noutroira , a Vila de Samos gozou , por parte de turistas e residentes noutras comunidades que regresan no verán á súa terra , dun recoñecemento importante polo ben coidados que tiña os seus paseos á beira do río , zonas de descanso , merendeiros etc. , e digo noutroira porque hoxe en día o esquecemento e o abandono que presentan fai que as comparacións sexan odiosas.

Nos paseos , non se voltou a botar unha palada de zavorra , non se reparan as lousas desfeitas, as farolas de pé do río deixáronse derramar por falta de un sinxelo e barato mantemento que hoxe sería máis custoso ; nas pontes , si se rompe unha taboa ou unha baranda , non se repón ; as vaías protectoras da estrada , si hai que reponer algunha , xa non se pinta de marrón , cor que foi recoñecido por moitas persoas que integra mellor na paisaxe ditas proteccións ; o paseo á beira do río dende Foxos ás piscinas de Teiguín , desapareceu por encanto , está embarrado etc. , da mesma maneira que as áreas de descanso , que , cando unha pedra dun banco ou unha mesa desaparece ou rompe... xa non volve ó seu sitio.

De todo este abandono que leva o visitante na súa cabeza , non vai levar a culpa a Oposición , porque non a téñen , sempre será o Goberno Municipal co seu Alcalde a fronte que reciba loxicamente. as merecidas críticas.



Por esto , propoño a Pleno o seguinte:

ACORDO

1.-Que se arranxen os desperfectos dos paseos á beira do río e da estrada , se repoñan os elementos que faltan e se volte a delimitar ese paseo donde se deixou desaparecer. “

- SR. ALCALDE.- Vexo que segue vostede inventando para ver se alguén o cre. Casualmente só recibimos felicitacións, xa sei que a vostede lle molesta, pero non sei se non ve, ou non lle interesa ver, por iso lle vou facer un pequeno resumo do que se leva feito nas últimas datas: reparáronse as vallas que protexen o Paseo, pintáronse pasarelas, fíxose de novo o muro que hai detrás da Capela do Ciprés, á beira do río e á entrada de Samos puxéronse farolas novas que cumpren a normativa que se esixe, limpáronse e repintáronse as farolas rústicas, pintouse o conxunto arquitectónico, que ben o ve, pintáronse as papeleiras que hai nos paseos, limpouse o expositor de produtos da zona que hai na entrada de Samos, e continuamente se están facendo arranxos, asíque non invente.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Eu non invento, xa lle traerei fotografías de cómo están. Lóxicamente a xente que vai a falar con vostede non lle vai dar as críticas. Fai dez anos rompeu o pasamáns da Ponte que hai antes do Quintero e non se arranxou. Eu vivo aquí, non invento.

- SR. ALCALDE.- Non sei cómo terá a súa casa, pero os paseos están ben.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Deixe a miña casa en paz, a miña casa está perfectamente para ver (breve debate co Sr. alcalde), leva dez anos sen arranxar o Paseo, dé unha volta...

- SR. ALCALDE.- Vou a dar voltas todos os días

- SR. LÓPEZ, GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.- O mantemento podía facer mellor e máis rápido. Ás veces tárdanse anos en reparar as vallas.

- SR. ALCALDE.- As cousas da Confederación Hidrográfica botan anos e anos.

O Sr. alcalde da por rematadas as intervencións e abre a votación, que arroxa o seguinte resultado:

Votos a favor: 2 (1 do Grupo municipal do Partido Popular e 1 do Grupo mixto)

Votos en contra: 6 (Grupo municipal socialista)

Abstencións: Ningunha.

Sendo nove (9) o número legal de membros, polo que non se aproba a Moción anteriormente transcrita.

17º.- ASUNTOS URGENTES.

Para dar cumprimento ao sinalado no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde da paso aos asuntos urxentes, sen que se plantexe algún.

18º.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. alcalde da por iniciada a quenda de **ROGOS**, dando a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para que proceda a dar lectura aos presentados no seu escrito con R.X.E. nº 2017/1666 en data 27 de novembro, e que a continuación se transcriben:

“1.- Rogamos que o Concello esixa á Xunta de Galiza que limpe o Camiño de Santiago , e que faga un mantemento apropiado do mesmo , sobre todo no tramo que sufríu os lunes do pasado mes de Outubro , donde quedóu patente o abandono e deixadez á que nos ten sometidos o Goberno Galego ás xentes do rural. “

- SR. ALCALDE.- Antes levábamos nós o mantemento do Camipo e rozábase varias veces no ano, agora o fai a Xunta ou o Xacobeo e non lle tocan. Estamos dacordo con vostede. Fixéronse varias reclamacións, tanto dende o concello como dende a Mancomunidade, e non fixeron caso.

“2.- Que se arranxen os servizos e duchas do campo da festa , que presentan un estado lamentable e bochornoso para calquera que os pretenda utilizar. “

- SR. ALCALDE.- Na actualidade están pechados porque entra a xente a durmir neles e causan danos. Ademáis hai moita humidade que afecta ao teito. Antes de abrilos de novo hai que proceder a reparalos.

“3.- Que se poña en valor a Biblioteca Municipal , proporcionando a mesma entre os vecinos e os nenos do Colexo , como fan noutros Concellos , promovendo actividades na mesma , sinalizandoa correctamente asi como o seu horario ou método de funcionamento , aproveitando o privilexo que temos en Samos de contar con este servizo a pesares de ser un Concello pequeno. “

- SR. ALCALDE.- A biblioteca cando está aberta ao parecer non ten usuarios, hai días enteiros que non vai ninguén. Ter unha persoa alí para non facer nada...se alguén necesita algo da biblioteca, que veña ao concello e se lle da.

“4.- Que se cambie a parte informativa do cartel recentemente instalado na Praza , pois un cartel informador está para eso, e non para confundir e desinformar á xente. “

- SR. ALCALDE.- O panel montouno a Mancomunidade do Camiño Francés, e xa lle demos conta dos erros advertidos, que son moitos. Pasou en máis concellos, estamos á espera.

Non formulándose máis rogos, o Sr. alcalde inicia a quenda das **PREGUNTAS**, cedendo a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para que proceda a dar lectura ás presentadas en escrito con R.X.E. nº 2017/1358 en data 2 de outubro para a súa contestación no anterior Pleno Corporativo celebrado en data 6 de outubro, e as cales foron pospostas pola Presidencia en funcións para esta sesión por non haber asistido o Sr. concelleiro que as formula. Son as seguintes:

“1.- Por qué non se colocóu o espello que se pedíu para os que saen da Rúa da Torre e non se pintaron no cruzamento as raías amérelas para evitar aparcas no mesmo ? ”

- SR. ALCALDE.- A liña xa se pintou e o espello estamos niso, poñerase en breve, pero non creo que a xente mire moito para o espello...

“2.- Por qué se sigue sen facer correctamente a recollida de contedores amárelos despois de que se pedira en Pleno xa fai dous anos ? ”

- SR. ALCALDE.- Xa se comunicou á empresa daquela. Haberá que volverlle a preguntar.

A continuación, o Sr. alcalde cede novamente a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para que proceda a dar lectura as preguntas presentadas no seu escrito con R.X.E. nº 2017/1666 en data 27 de novembro, e que a continuación se transcriben:

“1.- Por qué se contrata una empresa privada para pintar e limpar as farolas artísticas cando hai suficiente persoal na brigada municipal ? ”

- SR. ALCALDE.- Había unha subvención da Mancomunidade e había que invertir os cartos, senón había que devolvelos.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- E logo non había outra cousa, quedaron a metade sen pintar. Eu chámolle tirar os cartos ao tolo.

- SR. ALCALDE.- As farolas que quedan faranse nos anos seguintes da subvención.

“2.- A canto ascendeu o importe de cambiar as farolas da entrada de Samos vindo de Renche , e canto supón o aforro enerxético delas por ser de led ? ”

- SR. ALCALDE.- Se a vostede o que lle preocupa é se o concello gastou cartos en repoñer as farolas, direille que foi cunha subvención do Xacobeo e polo tanto non gastamos nada. Respecto ao gasto eléctrico direille que as de antes gastaban 150 vatios e as de agora gastan 18 vatios cada unha, supoño que lle parecerá ben. Cando teñamos outra subvención cambiaremos as que quedan e dámoslle unha nova imaxe aos paseos, porque as de balón son un modelo anticuado e feo e non cumpren a normativa.

“3.- Vai a solicitar ou axudar a tramitar axudas o Concello para os vecinos que sufriron os lunes de outubro , para pastos e árbores autóctonas ? ”

- SR. ALCALDE.- Aquí sempre colaboramos coa xente e a informamos.

“4.- Cales son as ventaxas do cemento sobre o asfalto , cando se seguen a arranxar pistas con ese material no século XXI ? ”

- SR. ALCALDE.- E logo vostede considera que no século XXI non se utiliza o cemento? Eu creo que sí. As ventaxas son que nas zonas húmidas e de moito arboleda dura máis o cemento que o alquitrán. O cemento ben botado pode durar dez ou vinte anos. Ademais os vecinos diante das súas casas queren máis o formigón porque poden varrelo e lávano sen problemas.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Case me está convencendo máis que a explicación que me deu a outra vez. Se é por duración, bueno. Xa veremos. Non sei se a xente está contenta con eso.

“5.- Cando se vai arranxar a pista de Pascals , que agora xa se vultou intransitable de todo ?”



- SR. ALCALDE.- Supoño que xa veu as máquinas traballando na pista, se vai amañar ésa e moitas máis.

“6.- Como é o derradeiro Pleno do ano , quixera saber si xa se empezaron a realizar os trámites para a recuperación da feira mensual para así cumprir a lei e levar a cabo una moción que quedou aprobada no Pleno do 3 de Xuño de 2016 ? ”

- SR. ALCALDE.- É a segunda vez que lle repito o que vostede aprobou naquel Pleno, que vostede se encargaba de recuperar a feira, e nós a burocracia, polo tanto estamos esperando que cumpra o que votou.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- É competencia do Goberno municipal facer cumprir os acordos plenarios, ademais está equivocado no acordo que dí foi adoptado.

- SR. ALCALDE.- Revíseo.

Non habendo máis preguntas, o Sr. alcalde da por rematado este punto da orde do día.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. presidente dáse por rematado o acto, sendo as catorce horas e vinte minutos do expresado día, levantándose a presente acta da que eu como secretaria DOU FE.

O presidente,

A secretaria,

(*) **DILIXENCIA:** Que extendo eu, secretaria-interventora municipal, para facer constar que habéndose producido na votación un empate non advertido aos efectos do art. 126.2 do ROF que literalmente sinala: *“En el caso de votaciones con resultado de empate se efectuará una nueva votación, y si persistiera el empate, decidirá el voto de calidad del Presidente”*, considérase que o asunto da moción terá que ser incluído novamente na orde do día da convocatoria do próximo pleno ordinario a efectos dunha nova votación.